



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Novembro 2025



PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	108.963	0,1%	198.358	-0,3%	1,82	-0,4%	39,83%	1,71
PENSIÓNS	19.820	-35,0%	36.177	-29,0%	1,83	9,2%	18,52%	-6,92
ESTAB. HOTELEIROS	128.783	-7,6%	234.535	-6,1%	1,82	1,6%	33,83%	-0,78
APTOS. TURÍSTICOS	7.797	8,3%	16.066	4,2%	2,06	-3,8%	19,83%	0,33
CAMPINGS	2.135	-2,8%	3.320	-6,5%	1,56	-3,8%	11,49%	1,71
TURISMO RURAL	2.625	8,0%	3.501	-2,6%	1,33	-9,8%	9,98%	-0,67
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	12.557	6,2%	22.887	1,4%	1,82	-4,5%	-	-
TOTAL	141.340	-6,5%	257.422	-5,5%	1,82	1,1%	-	-

- Na provincia de A Coruña rexístranse neste mes de novembro 141 mil viaxeiros aloxados e 257 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento -hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e aloxamentos de turismo rural-, cifras que presentan unha evolución parella en relación ao pasado ano. En particular, o número de noites descende un 5,5% como consecuencia esencialmente dunha caída da cifra de viaxeiros aloxados -do 6,5%- nun contexto de certa mellora da estadía media.
- Con este comportamento A Coruña rompe a dinámica observada nos últimos tres meses -de estabilidade da demanda- e contrasta tamén coa evolución positiva rexistrada nos catro meses anteriores, e tamén en xaneiro e febreiro. No que vai de ano só se rexistrou caída en marzo. Rompe, por tanto, con oito meses consecutivos -e dez no que vai de ano- de dinámica non negativa.
- Neste punto o comportamento de A Coruña vai na liña do observado no conxunto de Galicia -onde se rexistra unha caída global do 2,8%-.
- Co 43% do total da comunidade A Coruña é a provincia de maior volume e peso da demanda en Galicia neste mes de novembro. Ocupa novamente neste ano este posto, igual que nos dous últimos meses e no primeiro semestre, substituíndo a Pontevedra -que liderou o mercado na comunidade no verán-. Tal circunstancia é propia, en realidade, dun mes de temporada baixa -e así aconteceu tamén no primeiro trimestre de 2025- pois no verán é Pontevedra a provincia de maior volume e peso en Galicia.
- A caída da demanda na provincia de A Coruña vén como consecuencia de contrapoñer comportamentos dispares a nivel das diferentes tipoloxías, sendo maioría as que presentan dinámica negativa. Así en novembro descende o número de noites en todas as modalidades



agás nos hoteis -que manteñen estable o nivel de demanda- e nos apartamentos turísticos -que rexistran un incremento do 4% como consecuencia da suba da cifra de viaxeiros aloxados-.

- Os descenso son de diversa intensidade, máis suaves no segmento de turismo rural -da orde do 3%- e nos cámpings -do 6% interanual-, e máis acusados nas pensións -que rexistran unha caída do 30% no número de noites-.
- Neste contexto apréciase que en A Coruña as pensións e os apartamentos turísticos rexistran o peor comportamento da demanda de toda Galicia -as primeiras coa caída de maior intensidade a nivel provincial e os segundos coa taxa de crecemento máis baixa-.
- En A Coruña o 91% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro -un 77% nos hoteis e un 14% nas pensións-. O 9% restante repártese entre as tres modalidades extrahoteleiras, cun peso algo superior para os apartamentos turísticos -absorben o 6%- fronte aos cámpings -co 1,3%- e os aloxamentos de turismo rural -co 1,4% do total neste caso-. Esta distribución é propia dun período de temporada baixa e cambia en relación á observada no verán no sentido de que gaña peso novamente o segmento hoteleiro -particularmente os hoteis- e perden cuota os cámpings -tipoloxía que no período estival chegou a representar o 20% do total-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase que o 75% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, porcentaxe que inclúe ao mercado interno, dos residentes en Galicia -supón o 25%- e ao receptor nacional, españois que proceden doutras comunidades autónomas -segmento que representa o 50% do total da demanda-. O 25% das noites na provincia corresponde ao turismo internacional, segmento que perde peso en relación aos últimos dous meses e iguálase ao interno.
- Con esta distribución apréciase que, desde outro punto de vista, o 75% da demanda na provincia de A Coruña corresponde ao mercado receptor, procedente de fóra de Galicia -cun 25% para o estranxeiro-.
- Neste ámbito concreto obsérvase un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado. Así, neste mes descende tanto o turismo de ámbito nacional -nun 5% o interno e nun 3% o que procede do resto do Estado- coma o internacional -nun 13% neste caso-.
- A Coruña é novamente a provincia con menor peso do mercado interno e, en paralelo, a que presenta maior cuota do mercado internacional. Ao mesmo tempo sitúase como unha das provincias con maior peso do mercado receptor nacional -o turismo procedente do resto do Estado-, coa metade do total-. Absorbe ademais boa parte do turismo estranxeiro en Galicia -o 53% das noites internacionais computan nesta provincia-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento variable a nivel de mercados. Así, o incremento global observado nesta tipoloxía débese á dinámica positiva do turismo de ámbito nacional, que supera nun 9% o nivel de demanda do pasado ano. Descende, en cambio, o internacional -nun 7% neste caso-.



- Con 1,8 noites de estadía media a provincia de A Coruña sitúase neste mes no contorno do valor medio do conxunto da comunidade, ficando ademais cun valor parello ao do pasado ano. Sitúase por debaixo da cifra rexistrada nas outras tres provincias, marcando por tanto o valor máis baixo de toda a comunidade autónoma.
- Os apartamentos turísticos –con 2,1 noites de media- rexistran os valores máis elevados de toda a oferta de aloxamento. As restantes modalidades fican por debaixo das dúas noites –con 1,8 noites os hoteis e as pensións, 1,6 noites os cámpings e 1,3 noites os aloxamentos de turismo rural-.
- En termos comparativos os hoteis, os apartamentos turísticos e os aloxamentos de turismo rural da provincia de A Coruña rexistran a cifra de estadía media máis baixa de toda a comunidade.
- En termos de ocupación rexístrase unha evolución algo diferente á observada do lado da demanda. Así, neste mes sobe e mellora a porcentaxe do pasado ano en dúas tipoloxías, case dous puntos porcentuais nos hoteis –por unha caída da oferta nun contexto de estabilidade da demanda- e tamén en preto de dous puntos nos cámpings –por un descenso da oferta dispoñible de maior intensidade á caída do número de noites-.
- O nivel de ocupación mantense relativamente estable nos apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural, e descende unicamente nas pensións –en sete puntos porcentuais neste caso-.
- Os hoteis rexistran neste mes a cifra de ocupación máis alta cun 39,8% de media. As demais tipoloxías sitúanse por debaixo do 20%, con cifras variadas: cun 19,8% os apartamentos turísticos, cun 18,5% as pensións, cun 11,5% os cámpings e cun 10,0% os aloxamentos de turismo rural –tipoloxía que marca a porcentaxe máis baixa de toda a oferta-.
- Os apartamentos turísticos e os cámpings rexistran en A Coruña o nivel de ocupación máis alto de toda Galicia.



PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	27.189	-8,7%	51.320	-8,2%	1,89	0,6%	33,45%	-0,36
PENSIÓNS	10.071	58,1%	17.108	25,4%	1,70	-20,7%	17,12%	1,73
ESTAB. HOTELEIROS	37.260	3,0%	68.428	-1,6%	1,84	-4,5%	27,00%	-0,37
APTOS. TURÍSTICOS	3.436	5,3%	14.812	45,6%	4,31	38,3%	21,53%	5,19
TURISMO RURAL	1.436	-42,9%	2.881	-33,1%	2,01	17,2%	10,61%	-1,57
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	4.872	-15,7%	17.693	22,2%	3,63	45,0%	-	-
TOTAL	42.132	0,5%	86.121	2,5%	2,04	2,0%	-	-

- O INE non ofrece datos de cámpings para a provincia de Lugo. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural.
- En Lugo rexístranse neste mes de novembro 42 mil viaxeiros aloxados e 86 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento considerada, cifras que presentan unha evolución algo diferente. En particular, increméntase o número de noites -un 2,5%- como consecuencia dunha mellora da estadía media nun contexto de estabilidade da cifra de viaxeiros aloxados.
- Neste sentido Lugo é, xunto con Ourense, unha das dúas provincias con dinámica positiva da demanda neste penúltimo mes do ano, se ben presenta unha taxa de crecemento inferior.
- O 80% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro -un 60% nos hoteis e un 20% nas pensións-. O 20% restante corresponde ao ámbito non hoteleiro no que destacan claramente os apartamentos turísticos pois absorben o 17% do total -o segmento de turismo rural fica co 3% restante-. Esta distribución cambia en relación á observada no verán mais aseméllase ao rexistrado en meses anteriores, e tamén en setembro e outubro, reforzándose o peso do segmento hoteleiro -principalmente dos hoteis-.
- O bo comportamento da demanda turística na provincia de Lugo vén como consecuencia dos crecementos rexistrados en dúas das catro tipoloxías de aloxamento consideradas. Sobe así o número de noites nas pensións -un 25%- así como nos apartamentos



turísticos -un 45% neste caso-. Contraponse a isto o descenso rexistrado nos hoteis -do 8%- e no segmento de turismo rural, cunha caída do 33% no número de pernoctacións.

- Neste sentido Lugo é a provincia con mellor comportamento relativo da demanda nas pensións e nos apartamentos turísticos - presenta en ambas a taxa de crecemento máis alta de toda Galicia-. Amosa, en paralelo, o peor comportamento nos hoteis e no segmento de turismo rural -co descenso de maior intensidade en toda a comunidade-.
- Con datos do sector hoteleiro -que presenta unha dinámica global negativa- apréciase neste mes un comportamento variable da demanda segundo a procedencia. Neste sentido increméntase o turismo dos residentes en Galicia -nun 1,2% en particular- así como dos que proveñen do estranxeiro -nun 14% neste caso-. Descende, en cambio, o turismo receptor nacional -dos residentes no resto do Estado-, un 7% neste caso.
- Neste sentido Lugo é a provincia de mellor comportamento do mercado internacional -a única na que amosa unha dinámica positiva-.
- As diferenzas de intensidade no crecemento dos tres mercados leva a pequenos cambios na estrutura da demanda en Lugo en relación ao pasado ano, mellorando o peso dos mercados interno e internacional -en algo máis dun punto porcentual en ambos-, e perdendo cuota o receptor nacional -en preto de tres puntos neste caso-.
- Por vez primeira nos últimos oito meses o mercado interno sitúase como o segmento de maior volume e peso na provincia, absorbendo o 46% do total das noites hoteleiras. Substitúe ao receptor nacional, segmento que liderou o mercado hoteleiro en Lugo de abril a outubro, e que agora representa o 44% do total. O mercado internacional supón o 10% restante.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase en cambio unha dinámica parella dos dous grandes segmentos de mercado. Así increméntase neste punto o turismo de ámbito nacional -preto dun 26%, absorbendo o 69% das noites- así como o internacional -en máis do dobre neste caso-.
- A estadía media en Lugo increméntase en relación ao pasado ano -un 2% en particular- para situarse en dúas noites. Neste sentido, e por vez primeira nos últimos oito meses, presenta o valor máis alto de toda Galicia. De abril a outubro amosaba, en cambio, a cifra máis baixa de todas as provincias.
- Con 4,3 noites de media os apartamentos turísticos rexistran a cifra máis alta da oferta de aloxamento na provincia. Marca distancia coas restantes tres modalidades que se sitúan ben nas dúas noites -caso dos aloxamentos de turismo rural- ou ben por debaixo desa cifra -con 1,9 noites os hoteis e 1,7 noites as pensións-.
- Os apartamentos turísticos e os aloxamentos de turismo rural marcan en Lugo o valor da estadía media máis alto de todas as provincias. As pensións, en cambio, a cifra máis baixa da comunidade.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao observado do lado da demanda. Así, increméntase nas dúas modalidades con dinámica positiva do número de noites, en case dous puntos porcentuais nas pensións, e en máis de cinco puntos nos



apartamentos turísticos. Nos hoteis, a pesar do descenso da demanda, o nivel de ocupación mantense relativamente estable, e descende unicamente no segmento de turismo rural -en máis dun punto porcentual neste caso-.

- Os hoteis marcan a porcentaxe de ocupación máis alta neste undécimo mes do ano, cun 33,5% de media. Cun valor inferior sitúanse as restantes tres tipoloxías, cun 21,5% os apartamentos turísticos, un 17,1% as pensións e un 10,6% de media os aloxamentos de turismo rural -rexistran a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento-.
- Con todo, o segmento de turismo rural rexistra en Lugo o nivel de ocupación máis elevado de toda Galicia. No ámbito dos hoteis, en cambio, presenta a porcentaxe máis baixa.



PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	21.799	-3,6%	43.952	3,9%	2,02	7,8%	34,40%	-2,61
PENSIÓNS	3.928	19,4%	7.525	2,4%	1,92	-14,3%	14,44%	-0,43
ESTAB. HOTELEIROS	25.727	-0,7%	51.477	3,7%	2,00	4,4%	28,61%	-1,72
APTOS. TURÍSTICOS	860	7,4%	2.020	21,2%	2,35	12,9%	17,88%	2,42
TURISMO RURAL	1.879	2,5%	2.880	6,8%	1,53	4,3%	12,96%	0,50
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	2.739	3,9%	4.900	12,3%	1,79	8,0%	-	-
TOTAL	28.466	-0,2%	56.377	4,4%	1,98	4,7%	-	-

- O INE non ofrece tampouco datos de cámpings para a provincia de Ourense. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural.
- Ourense presenta neste mes un comportamento positivo da demanda turística. Neste sentido, o volume de noites increméntase un 4,4% como consecuencia dun crecemento paralelo da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense relativamente estable en relación ao pasado ano. Con isto Ourense rexistra o mellor comportamento da demanda en toda Galicia -presenta a suba de maior intensidade-. Contraponse ao observado nos catro meses anteriores cando rexistraba sempre o peor comportamento das catro provincias.
- Con algo máis de 28 mil viaxeiros aloxados e de 56 mil noites Ourense absorbe o 9% do total da demanda de Galicia. Neste sentido é a provincia de menor volume e peso neste mes de novembro, cunha porcentaxe superior á dos últimos meses -no verán, por exemplo, representaba menos do 5% do total-.
- En Ourense o 91% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro -un 78% nos hoteis e un 11% nas pensións-. O 9% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun peso inferior para os apartamentos turísticos -absorben o 4% do total- fronte ao segmento de turismo rural -representa o 5% neste caso-. Neste sentido Ourense é a provincia con maior peso, a nivel interno, dos aloxamentos de turismo rural e, pola contra, con menor peso dos apartamentos turísticos.
- O reparto da demanda entre as diferentes tipoloxías cambia levemente en relación ao observado nos últimos meses, consolidándose o forte peso do segmento hoteleiro -catro de cada cinco noites en Ourense corresponden só aos hoteis-.



- En termos dinámicos obsérvase un comportamento positivo da demanda a nivel das tipoloxías. Neste sentido increméntase o volume de noites en todas elas, con intensidade variable -circunstancia que acontece por vez primeira neste ano-. Os crecementos sitúanse por debaixo do 5% no segmento hoteleiro -cun 2% para as pensións e un 4% para os hoteis-, arredor do 7% nos aloxamentos de turismo rural e no 21% nos apartamentos turísticos.
- Con isto dúas tipoloxías -os hoteis e os aloxamentos de turismo rural- rexistran en Ourense o mellor comportamento da demanda de toda Galicia -nestes últimos é ademais a única provincia con dinámica positiva-.
- Con datos do sector hoteleiro -que absorbe o 91% da demanda- obsérvase un comportamento algo dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste sentido increméntase unicamente o turismo interno, dos residentes en Galicia -nun 24%- mais descende o receptor -nun 12% aquel de orixe nacional e nun 7% o internacional-. Con isto Ourense colócase como a provincia de mellor comportamento relativo do turismo interno neste undécimo mes do ano -onde presenta as taxas de descenso máis acusadas- e a peor comportamento do receptor nacional -onde rexistra a caída de maior intensidade-.
- Con esta dinámica a estrutura do mercado hoteleiro na provincia cambia en relación ao pasado ano, gañando peso o mercado interno -en oito puntos porcentuais, liderando o mercado na provincia co 50% das noites-, e perdendo cuota o receptor -en preto de sete puntos aquel de orixe nacional, rexistrando o 37% das noites, e o internacional, que absorbe o 13% da demanda hoteleira neste caso-. Neste sentido Ourense é a provincia con maior peso do mercado interno e, paralelamente, a de menor peso do receptor nacional.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento parello a nivel de mercados. Increméntase así o turismo de ámbito nacional -arredor dun 12%- e o internacional -en case o 90% neste caso-. O primeiro absorbe o 82% das noites.
- A estadía media en Ourense sitúase en dúas noites, cifra que supera nun 5% o dato do pasado ano. Con este incremento Ourense marca a segunda cifra máis alta de todas as provincias neste undécimo mes, cun valor moi parello ao de Lugo.
- Este mes aprécianse pequenas diferenzas no valor da estadía media segundo a tipoloxía de aloxamento. Rexistran o valor máis elevado os apartamentos turísticos, con 2,4 noites de media. Os hoteis fican no contorno das dúas noites mentres que as restantes dúas modalidades sitúanse por debaixo deste valor, de arredor de 1,9 noites as pensións e de 1,5 noites os aloxamentos de turismo rural. En termos comparativos os hoteis e as pensións acadan en Ourense o valor da estadía media máis alto de toda Galicia.
- A dinámica dos niveis de ocupación difire da observada do lado da demanda. Así mellora unicamente nos apartamentos turísticos -en algo máis de dous puntos porcentuais-, mantense relativamente estable nas pensións e no segmento de turismo rural, e descende unicamente nos hoteis -en preto de tres puntos porcentuais neste caso-.
- Cun 34,4% de media os hoteis rexistran a cifra de ocupación máis elevada da oferta de aloxamento na provincia de Ourense. As restantes tres tipoloxías presentan unha porcentaxe inferior: do contorno do 18% os apartamentos turísticos, o 14,4% as pensións e o



13,0% os aloxamentos de turismo rural. Os apartamentos turísticos rexistran en Ourense o nivel de ocupación máis baixo de toda a comunidade. Os aloxamentos de turismo rural, en cambio, presentan a cifra máis elevada de todas as provincias.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	89.550	-3,0%	174.251	-1,2%	1,95	1,9%	43,83%	3,44
PENSIÓNS	5.514	-15,4%	10.656	-27,7%	1,93	-14,6%	13,49%	-4,31
ESTAB. HOTELEIROS	95.063	-3,8%	184.907	-3,2%	1,95	0,6%	38,76%	2,00
APTOS. TURÍSTICOS	5.478	3,4%	16.108	19,2%	2,94	15,4%	22,16%	6,52
CAMPINGS	2.544	508,6%	3.015	398,3%	1,19	-18,1%	9,14%	6,73
TURISMO RURAL	1.064	-5,3%	1.698	-23,8%	1,60	-19,5%	5,51%	-0,49
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	9.086	32,8%	20.821	27,4%	2,29	-4,1%	-	-
TOTAL	104.149	-1,5%	205.728	-0,8%	1,98	0,7%	-	-

- O comportamento global da demanda turística en Pontevedra difire do observado nas restantes tres provincias. Neste sentido mantense estable o volume de noites neste undécimo mes do ano nun contexto de suave caída da cifra de viaxeiros aloxados -do 1,5%- e leve mellora da estadía media. Tal circunstancia mantén o nivel de demanda da provincia por encima das cifras de 2019.
- O volume global de demanda sitúase en preto de 206 mil noites, o 34% do total da comunidade. Neste sentido Pontevedra colócase novamente como a segunda provincia de maior peso en Galicia, por detrás e a certa distancia de A Coruña -despois de liderar o mercado turístico na comunidade no verán-. Ambas absorben o 77% do total das noites de Galicia -porcentaxe equivalente á de outubro e algo inferior á dos meses anteriores-.
- A estabilidade da demanda na provincia vén como consecuencia de variacións dispares nas diferentes tipoloxías de aloxamento. Neste sentido increméntase o volume de noites en dúas delas -un 19% nos apartamentos turísticos e en máis do triplo nos cámpings- mais descende nas tres restantes, de forma pouco perceptible nos hoteis -un 1,2%- e algo máis acusada nas pensións -coa caída do 28%- e nos aloxamentos de turismo rural -do 24% neste caso-.
- En Pontevedra concéntrase o crecemento de maior intensidade nos cámpings de toda Galicia.



- O 90% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –absorben o 85%- e ás pensións –co 5% neste caso-. O 10% restante queda no segmento extrahoteleiro, con maior peso para os apartamentos turísticos –absorben o 8% do total- fronte aos cámpings –co 1,5%- e os aloxamentos de turismo rural –supoñen apenas o 1% do total neste caso-.
- Con isto catro de cada cinco noites rexístranse nunha soa modalidade –os hoteis-, de aí que o seu comportamento teña unha notable influencia na dinámica global. Neste sentido Pontevedra é a provincia con maior peso dos hoteis na estrutura da demanda e, paralelamente, a que presenta menor peso das pensións e dos aloxamentos de turismo rural.
- A nivel de mercados, dentro do ámbito hoteleiro, rexístrase un comportamento algo diferente ao observado nas restantes provincias. En particular, descende o turismo interno –nun 12,5%- e o internacional –nun 3%- e incrementase o receptor nacional, aquel que procede do resto do Estado –nun 3% neste caso-.
- A diferenza nas variacións da demanda provoca leves cambios na estrutura da mesma. Así neste mes perde peso o segmento interno –en tres puntos porcentuais-, mantense estable o internacional e incrementase a cuota de mercado do receptor nacional –en tres puntos neste caso-.
- Así, o segmento de maior peso na provincia continúa a ser o receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas-, que supoñen o 50% do total da demanda hoteleira –unha de cada dúas noites-. O mercado interno representa o 30% ficando o 20% restante para o internacional. En consecuencia neste mes, igual que en xullo e a diferenza do observado nos tres anteriores, o mercado estranxeiro fica por debaixo do interno na provincia. Con esta estrutura Pontevedra é, xunto con A Coruña, a provincia con maior peso do mercado receptor nacional, e paralelamente sitúase por debaixo da mesma en cuota de absorción do turismo internacional, recollendo o 34% do total de Galicia.
- No lado dos apartamentos turísticos, segmento no que o turismo nacional supón o 66% do total das noites, o comportamento dos dous segmentos de mercado é parello. Crece así o turismo de ámbito nacional –nun 14%- así como o internacional –nun 31% neste caso-.
- A estadía media nos aloxamentos colectivos de Pontevedra sitúase en dúas noites, cifra levemente superior á media da comunidade e parella á observada en Lugo e Ourense. En termos dinámicos a estadía mantense estable en relación ao pasado ano mais descende un 4% en comparación co 2019.
- Neste contexto a estadía media varía segundo a modalidade de aloxamento. En particular, acada a cifra máis elevada nos apartamentos turísticos –con 2,9 noites de media-, mantense preto das dúas noites nos hoteis e nas pensións e fica por debaixo desa cifra nas restantes tres modalidades –con 1,6 noites os aloxamentos de turismo rural, e 1,2 noites os cámpings-.
- En termos de ocupación obsérvase neste mes un comportamento algo diferente ao rexistrado do lado da demanda. Así, mellora o nivel de ocupación en tres modalidades –en algo máis de tres puntos nos hoteis, como consecuencia dunha caída da oferta dispoñible




superior en intensidade ao descenso da demanda, e en máis de seis puntos nos apartamentos turísticos e nos cámpings-. A ocupación mantense estable nos aloxamentos de turismo rural e descende unicamente nas pensións -en algo máis de catro puntos neste caso-.


- Tamén en Pontevedra os hoteis rexistran o nivel de ocupación máis elevado da oferta colectiva cun 43,8% de media. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase no aloxamento extrahoteleiro, concretamente nos cámpings e nos aloxamentos de turismo rural -cun 9,1% e 5,5%, respectivamente-.
- En termos comparativos obsérvase que os hoteis e os apartamentos turísticos presentan en Pontevedra a porcentaxe de ocupación máis alta de todas as provincias. En cambio, no segmento de turismo rural rexistra a cifra máis baixa de toda a comunidade.




Reparto da demanda turística nos alox. colectivos. Noites novembro 2025



Variación da demanda turística nos alox. colectivos. Noites novembro 2025/24



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites novembro 2025



Estadía media, por tipoloxía e provincia. Novembro 2025

